



# Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

## BASES PROXECTO CONCILIACIÓN:

### ESCOLA NADAL MONDARIZ BALNEARIO 2023/2024

#### 1.- OBXECTO

O obxecto deste procedemento de selección é establecer os criterios básicos a seguir na selección das persoas participantes na ESCOLA NADAL MONDARIZ BALNEARIO 2023/2024.

#### 2.- PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán participar crianzas de 3 a 13 anos, preferentemente empadroadas no concello de Mondariz Balneario. Estes requisitos e demais condicións para o acceso ao proxecto, deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de admisión de solicitudes e han de ser acreditados xunto coa solicitude.

Establécese un número mínimo de 8 persoas participantes e un máximo de 10 persoas participantes seleccionadas por orde de inscrición coa priorización dos criterios que se sinalan no apartado 7.3 Criterios de selección.

#### 3.- TEMPORALIZACIÓN

A Escola realizarase en horario de 08.30-14.30 horas, de luns a venres, durante o mes de DECEMBRO 2023 E XANEIRO 2024 coa seguinte distribución:

DECEMBRO 2023

XANEIRO 2024

22,26,27,28,29

2,3,4,5

#### 4.-PREZO

O prezos serán segundo *ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO CAMPAMENTOS URBANOS aprobada no Pleno da Corporación en sesión ordinaria de 20 de febreiro de 2020*, aplicándose as bonificacións referidas no artigo 6 de dita ordenanza. \*\*

- *Escola nadal completa: 15 €*

#### \*\*Artigo 6.- Bonificacións

*1.- De conformidade co previsto no apartado 2º do artigo 44 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, as cotas indicadas no artigo anterior, quedarán bonificadas nos seguintes casos:*

*Cando na mesma unidade familiar haxa máis dunha persoa participante, aplicaranse as seguintes bonificacións:*

- *A 2ª persoa participante unha bonificación do 25%*
- *A 3ª persoa participante unha bonificación do 50%*
- *A 4ª persoa participante unha bonificación do 75%*
- *As quintas e sucesivas persoas participantes dunha mesma unidade familiar quedarán exentos de taxa.*

*Deberán achegar libro de familia para acreditar este extremo.*

*Son membros computables da unidade familiar:*

- *As nais, pais, titores ou titoras legais, fillas e fillos menores de idade, fillas e fillos maiores de idade con discapacidade e fillas ou fillos solteiras/os menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.*





## Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

---

- *No caso de divorcio ou separación legal da nai e o pai non se considerará membro computable aquel que non conviva coa alumna/o, agás nos casos de custodia compartida. Será membro computable, en caso de que o haxa, a nova ou o novo cónxuxe ou parella.*
- *Computarán por dous as persoas da unidade familiar (pai, nai, alumna/o e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos total, absoluta ou grande invalidez.*
- *Cando as persoas inscritas sexan beneficiarias de prestacións como RISGA ou prestacións similares, quedarán exentos de pago. Determinarase en cada actividade o número de prazas dispoñibles obxecto desta bonificación en función do tipo de actividade. Esta exención concederase polo Concello a petición da persoa interesada acompañado dos seguintes documentos:*
- *Copia compulsada da resolución da concesión do RISGA (ou prestación similar) e demais documentación, que no seu caso, sexa requirida polas persoas técnicas do departamento dos servizos sociais do Concello ou informe técnico desta institución ou unha análoga que poida acreditar a situación.*
- *Cando as persoas estean en situación puntual de emerxencia ou se consideren en risco de exclusión social quedarán exentos de pago. Terán que acreditar tal condición previo informe das persoas técnicas do departamento dos Servizos Sociais, dunha institución análoga ou de persoas técnicas acreditadas para certificar tal condición.*

*En todo caso, con independencia dos ingresos, as familias numerosas terán dereito a unha bonificación do 50% para a segunda e seguintes persoas da unidade familiar que participan na actividade.*

*A condición de familia numerosa acreditarase mediante copia compulsada do título de familia numerosa en vigor*

### 5.- ACTIVIDADES

As actividades que se realizan de cara á consecución dos obxectivos propostos serán variadas e se adaptarán as idades das persoas participantes e as instalacións. Realizaranse múltiples e variados obradoiros como por exemplo:

- Dinámicas grupais e xogos cooperativos de sensibilización en igualdade (8 horas)
- Xornadas Falemos de xénero ( módulo específico de igualdade) (4 horas)
- Lúdicas e de animación (xogos populares, danzas, bailes...)
- Deportivas (ioga e outros deportes)
- Artísticas (obradoiros de manualidades, pintura e debuxo)
- Obradoiros sobre horticultura e medio ambiente, fauna e flora autóctonas.
- Excursións culturais.

### 6.- METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

A metodoloxía empregada será unha metodoloxía activa, participativa, comunicativa, lúdica e educativa impartida por medio de actividades que fomenten valores positivos e adecuadas as idades das persoas participantes. A finalidade deste proxecto é promover a creación dun grupo e a integración de tódalas persoas participantes no mesmo, realizando actividades que ao mesmo tempo que facilitan e favorezan a conexión do grupo e o traballo individual de cada persoa, promovan a resolución de conflitos aprendendo a resolver os conflitos que xurdan, a igualdade de oportunidades visibilizando referentes... todo isto vinculada ao ocio educativo e lúdico para que se divirtan nas súas vacacións e favorezan a aprendizaxe por ser motivadora.

O sistema de avaliación realizarase mediante o establecemento de indicadores ou mediadores cuantificables do grao de cumprimento dos obxectivos perseguidos. A avaliación será un proceso





## Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

continuo co obxectivo de obter información constante sobre o desenvolvemento do principio de igualdade e actuar sobre aqueles obstáculos que impidan a execución eficaz das actividades. As achegas e recomendacións da técnica municipal de coordinación do proxecto, das nais, pais, nenas e nenos participantes recabaranse e empregaranse de forma periódica o Concello de Mondariz Balneario. A avaliación final quedara rexistrada nunha memoria.

### 7.- PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

#### 7.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección do alumnado procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no Taboleiro de Edictos Municipais, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios se se considera oportuno.

#### 7.2.- INSCRICIÓN

##### 7.2.1.- Documentación.

As nenas e nenos interesadas deberán presentar no concello a folla de inscrición cuberta xunto coa seguinte documentación:

- Folla de inscrición.
- DNI da nai, pai titora ou titor
- DNI da nena ou neno ou libro de familia
- Cartilla da Seguridade Social
- IRPF do ano 2022
- Quen alegue necesidade por motivos laborais presentarán vida laboral, certificado de empresa ou calquera proba que indique que a persoa está en activo.

As persoas que desexen máis información sobre a Escola de NADAL e/ou a documentación a aportar poden poñerse en contacto no teléfono: 986656136.

- **PRAZO DE SOLICITUDE E RESERVA DE PRAZA:** DO 5 AO 12 DE DECEMBRO 2023
- **LISTA DE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS:** 13 DECEMBRO 2023
- **LISTA DE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS:** 15 DECEMBRO 2023
- **PAGAMENTO:** DO 18 AO 21 DECEMBRO 2023 . INGRESAR O IMPORTE NA **CONTA DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO**  
**Nº ES73 2080 5572 4630 4000 0058**
  - **PRESENTAR OU ENVIAR O XUSTIFICANTE DE PAGO NO CONCELLO OU POR SEDE ELECTRÓNICA.**

O prazo de presentación de solicitudes poderá ampliarse en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación.

#### 7.3.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

Admitiranse as persoas participantes na escola de verán por orde de inscrición.

Terán prioridade:

Persoas empadroadas no Concello de Mondariz Balneario.

Persoas que xustifiquen a necesidade por motivos laborais ou cargas familiares.





## Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

---

Familias de especial vulnerabilidade valorando o nivel de renda e as cargas familiares das persoas que o soliciten xustificado con informe dos servizos sociais comunitarios do Concello de Mondariz Balneario.

Mulleres vítimas de violencia de xénero en todas as súas manifestacións.

Familias monomarentais e monoparentais.

Familias numerosas.

Mulleres, nais ou titoras legais , en situación de desemprego de longa duración.

Mulleres, nais ou titoras legais, maiores de 45 anos.

Persoas escolarizadas en centros públicos educativos de de Mondariz Balneario.

\*\*No caso de que existan prazas suficientes poderán acceder a Escola de verán todas as persoas que o soliciten.

### 7.4.- RESULTADO DA SELECCIÓN

O día 13 de DECEMBRO 2023 publicarase no Taboleiro de Edictos Municipais e na páxina web do Concello o listado provisional de persoas admitidas e o día 15 de DECEMBRO 2023 o listado definitivo de persoas admitidas.

### 8.- ASISTENCIA

No caso de que haxa lista de espera terase en conta a asistencia a escola. As persoas que non asistan máis de dous días nunha semana sen xustificar daranse de baixa a favor das persoas que están na lista de espera.

### 9.- RECURSOS

#### 9.1.- RECURSOS HUMANOS:

1 o 2 monitoras ou monitores cualificados. Os grupos formaranse segundo as idades do alumnado.

#### 9.2.- RECURSOS MATERIAIS

Material de desfeita, recollido polos nenos/as e polas monitoras.

Material: cartolina, tesoiras, lapis, punzóns, plastilina, rodillo, gomas, folios, pegamento, acuarelas, pinceis, ceras, rotuladores, grampadora, grampas, clips, regras, abelorios, sedal, globos, maquillaxe, inchadores, folios de cores, balóns, comida, culleres de paus, prato, vasos, etc...

Aula con mesas e cadeiras para todas e todos os participantes.

En Mondariz Balneario, na data que figura á marxe

O alcalde. Cesar Gil Bernárdez





# Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

## INSCRICIÓN ESCOLA DE NADAL MONDARIZ BALNEARIO 2023/2024

<b>SOLICITANTE: NAI,PAI,TITORA OU TITOR</b>		
Nome:	Apelidos:	
DNI:	Telf:	
Enderezo:		
<b>SOLICITO PRAZA PARA:</b>		
Nome e apelidos:		
Data nacemento: / /		
Nome e apelidos:		
Data nacemento: / /		
Nome e apelidos:		
Data nacemento: / /		
OBSERVACIÓNS DE CADA CRIANZA (necesidades especiais, alerxias, outras)		
.....		
.....		
.....		
AUTORIZO A TOMA DE IMAXES E REXISTRO DE SON AO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO: Para a difusión e memoria de actividades	SI	NON
AUTORIZO A PARTICIPACIÓN DA CRIANZA NAS ACTIVIDADES: Estou informado e acepto as normas de funcionamento e as actividades programadas na Escola de NADAL, incluíndo as visitas culturais e rutas pola contorna.	SI	NON
<b>PESOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DA CRIANZA:</b>		
Nome e apelidos:.....DNI:		
.....		
Nome e apelidos: .....DNI:		
.....		
Nome e apelidos: .....DNI:		
.....		
Nome e apelidos: .....DNI:		
.....		
<b>Documentación:</b>		
-Copia do DNI da persoa solicitante		
-Copia do DNI da crianza ou de non telo copia do Libro de Familia		
-Copia da tarxeta sanitaria da crianza		
-Quen alegue necesidade por motivos laborais presentarán copia do contrato e certificado de empresa co horario de traballo.		
-IRPF do ano 2022		
-Informe xustificativo dos Servizos Sociais do Concello.		
○ PAGAMENTO: DO 18 AO 21 DECEMBRO 2023 . INGRESAR O IMPORTE NA CONTA DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO e PRESENTAR OU ENVIAR O XUSTIFICANTE DE PAGO NO CONCELLO OU POR SEDE ELECTRÓNICA.		
Data:	Sinatura	

Cod. Validación: 5W552X6AGZGHEW35ATWKLAPK  
 Corrección: https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/  
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6





## Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

---

*De acordo co establecido na L.O.P.D., informámoslle que os datos recollidos no presente formulario serán comunicados a entidade contratada para o correcto cumprimento da prestación de servizo e que a información será destruída unha vez rematada a prestación do servizo.*



## Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

